

Bioloxía e Xeoloxía

3º ESO

a) **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O IES Luís Seoane atópase situado nunha urbanización recente da cidade de Pontevedra, da que dista 3 km. Como datos relevantes da súa poboación destacar o seu nivel socioeconómico e cultural baixo. Dentro da súa diversidade ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana e de inmigrantes de orixe marroquí ou sudamericana. O centro tamén recibe unha alta porcentaxe de alumnado procedente da Escola Fogar Príncipe Felipe . Por todo isto unha alta porcentaxe presenta carencias familiares que repercuten negativamente no eido académico. O noso alumnado presenta pouca motivación e un nivel insuficiente nas competencias en comunicación, matemática e científica que conclúe en máis casos dos desexados de abandono educativo temperán.

Desde esta materia, ademais de mellorar a competencia científica, fomentárase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e proporcionaráselle ao alumnado a oportunidade para mellorar a súa capacidade de utilizar as TIC. Todo elo para desenvolver no alumnado a madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma. Tamén poñeremos especial énfase na atención a diversidade do alumnado, orientada a que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo o seu potencial.

Durante este curso o alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 3º de ESO o compoñen 61 alumnos e alumnas.

b) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Estándares de aprendizaxe	CMCT	CCL	CD	CCEC	CSC	CSIEE	CAA
BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	X	X					
BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.			X				X
BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.		X	X				
BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	X	X					X
BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	X				X		
BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	X					X	X
BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.	X						
BXB2.1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.	X						
BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.	X						
BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.	X						
BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.							X
BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.	X						
BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.	X						
BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promoverla individual e colectivamente.					X		
BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaas coas súas causas.	X						
BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.	X						
BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.	X				X		
BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.				X	X		
BXB3.6.1. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e diseña propostas de actuación.				X	X		
BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	X				X		
BXB3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	X				X		
BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.					X		
BXB3.10.1. Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.					X		
BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.	X						
BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.	X				X		

BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.			X				X
BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	X				X		
BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relación coa súa contribución no proceso.	X						X
BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	X						
BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.	X						
BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.	X						
BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.	X						
BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.	X						
BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	X						
BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.	X				X		
BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	X						
BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.							X
BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.	X						
BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	X						
BXB3.24.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	X				X		
BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.	X						
BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.	X						
BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto	X						
BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.	X						
BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.					X		
BXB3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	X						
BXB3.29.1. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.					X		
BXB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e influen neles.	X						
BXB4.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.	X						
BXB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.	X						
BXB4.3.1. Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.	X			X			
BXB4.4.1. Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.	X						
BXB4.5.1. Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a	X						

sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.							
BXB4.6.1. Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.	X						
BXB4.7.1. Analiza a dinámica glaciaria e identifica os seus efectos sobre o relevo.	X						
BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.				X			X
BXB4.9.1. Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.	X						
BXB4.9.2. Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.					X		
BXB4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	X						
BXB4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.	X						
BXB4.11.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.	X						
BXB4.12.1. Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.	X						
BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.	X						
BXB5.1.1. Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.	X						
BXB5.2.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.					X		
BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	X						X
BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.		X					X
BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.		X	X				X
BXB6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.					X		
BXB6.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.						X	X
BXB6.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.		X					X

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que posibiliten o bo desempeño do alumnado na materia.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.

- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Comunicación lingüística

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descriptor de cada un destes indicadores.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

Competencia dixital

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Terase que dotar o alumnado de ferramentas para a óptima adquisición de coñecemento en todas as áreas e idades.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Conciencia e expresións culturais

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta

competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas...

Polo que nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que posibilitan que o alumnado creza e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai posibilitar unha óptima xestión de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía, en liderado e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor que se lle encomende. Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes descritores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Aprender a aprender

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área. Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos descritores de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente.

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

c) **OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

d) ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica									
h o	B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita.	B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	<p>PROCEDEMENTO: Probas específicas</p> <p>INSTRUMENTO: Proba Aberta</p> <p>PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese</p> <p>PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTO: Caderno de clase</p>	X	X	X	CCL CMCCT
b e f g h m o	<p>B1.2. Metodoloxía científica: características básicas.</p> <p>B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes.</p>	B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes	<p>PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese</p> <p>PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTO: Caderno de clase</p>	X	X	X	CD CAA
			BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	<p>PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as</p> <p>INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese</p> <p>PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as</p>	X	X	X	CD CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
					INSTRUMENTO: Caderno de clase				
			BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Lista de control/cotexo	X	X	X	CAA CCL
b f g	B1.4. Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.	B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Lista de control/cotexo	X	X	X	CMCCT CSC
			BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	Describe as súas observacións e interpreta os resultados do traballo no laboratorio	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase	X	X	X	CSIEE CMCCT CAA
Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos									
f	B2.1. Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte. B2.2. A célula. Características básicas da célula procariota e eucariota, animal e vexetal.	B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.	BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.	Diferenza a materia viva da inerte	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT
			BXB2.1.2. Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula	Establece as analoxías e as diferenzas entre a célula procariota e eucariota e entre	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
			procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.	célula vexetal e animal					
f	B2.3. Funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.	B2.2. Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.	BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.	Recoñece a importancia das tres funcións vitais	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT
			BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.	Diferenza os procesos de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT
Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde									
f	B3.1. Niveis de organización da materia viva. B3.2. Organización xeral do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas B3.3. A célula animal: estruturas celulares. Orgánulos celulares e a súa función.	B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións.	BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.	Recoñece os niveis de organización do ser humano	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CAA
			BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.	Describe as funcións dos orgánulos máis importantes	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT
f	B3.4. Os tecidos do corpo humano: estrutura e funcións.	B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.	BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.	Recoñece os principais tecidos humanos e asociados coa súa función	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT
f m	B3.5. Saúde e doenza, e factores que as determinan.	B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.	BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promoverla	Xustifica con exemplos os hábitos que promoven a saúde	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase			X	CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
			individual e colectivamente.						
f m	B3.6. Doenzas infecciosas e non infecciosas.	B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos).	BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.	Relaciona as doenzas e infeccións máis comúns coas súas causas	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta			X	CMCCT
			BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.	Explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta			X	CMCCT
m	B3.7. Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.	B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.	Describe hábitos de vida saudables	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese	X	X	X	CSC
			BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.	Propón métodos para evitar o contaxio das doenzas máis comúns	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CSIEE CSC
a c d e m	B3.7. Hixiene e prevención. Hábitos e estilos de vida saudables.	B3.6. Seleccionar información, establecer diferenzas dos tipos de doenzas dun mundo globalizado e deseñar propostas de actuación.	BXB3.6.1. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e deseña propostas de actuación.	Recoñece as diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CSC CSIEE
f m	B3.8. Sistema inmunitario. Vacinas, soros e antibióticos. B3.9. Uso responsable de medicamentos.	B3.7. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso	BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	Explica en que consiste o proceso de inmunidade	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta			X	CMCCT CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
		responsable dos medicamentos.							
a b c m	B3.10. Transplantes e doazón de células, sangue e órganos.	B3.8. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	BXB3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	Recoñece a importancia da doazón para o ser humano	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta			X	CSC
f g m	B3.11. Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.	B3.9. Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar propostas de prevención e control.	BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.	Coñece os efectos nocivos para a saúde do consumo de alcohol, tabaco e drogas	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese		X		CSC CSIEE
a d g m	B3.11. Substancias aditivas: tabaco, alcohol e outras drogas. Problemas asociados.	B3.10. Recoñecer as consecuencias para o individuo e a sociedade de seguir condutas de risco.	BXB3.10.1. Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.	Recoñece as consecuencias das condutas de risco coas drogas	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese		X		CSC
f m	B3.12. Alimentación e nutrición. Alimentos e nutrientes: tipos e funcións básicas.	B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.	Diferenza a nutrición da alimentación	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT
BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.			Relaciona os nutrientes coa súa función	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT	
f	B3.13. Dieta e saúde. Dieta	B3.12. Relacionar as dietas coa	BXB3.12.1. Deseña hábitos	Recoñece hábitos nutricionais	PROCEDEMENTO: Análise das	X			CAA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
g m	equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.	saúde a través de exemplos prácticos.	nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.	saudables dos que non o son	producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese				CD
c m	B3.13. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Deseño e análise de dietas. Hábitos nutricionais saudables. Trastornos da conduta alimentaria.	B3.13. Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.	BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	Identifica os principais trastornos da conduta alimentaria	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese	X			CAA CSC
f m	B3.14. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.	B3.14. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.	Identifica a partir de gráficos e esquemas os órganos, aparellos e sistemas implicados na función de nutrición	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta ▪ PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase	X			CMCCT
f m	B3.14. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición.	B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	Coñece a función de cada aparello e sistema relacionado coa nutrición	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X			CMCCT
f m	B3.15. Anatomía e fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.	Coñece os compoñentes do aparello dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta	X	X		CMCCT
f	B3.16. Alteracións máis frecuentes	B3.17. Indagar acerca das doenzas	BXB3.17.1. Diferencia as doenzas	Diferenza as doenzas máis	PROCEDEMENTO: Análise das	X	X		CMCCT

Objec- tivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
m	e doenzas asociadas aos aparellos que interveñen na nutrición: prevención e hábitos de vida saudables.	máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como sobre as súas causas e a maneira de previlas.	máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.	frecuentes relacionadas cos órganos da nutrición	producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese				
f m	B3.17. Función de relación. Sistema nervioso e sistema endócrino. B3.18. Órganos dos sentidos: estrutura e función; coidado e hixiene.	B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.	BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación. BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso. BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	Recoñece a función de cada aparello e sistema implicado na función de relación Relaciona os procesos da función de relación co órgano ou estrutura responsable de ditos procesos Relaciona os órganos dos sentidos cos seus receptores	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta		X		CMCCT
f m	B3.19. Coordinación e sistema nervioso: organización e función. B3.20. Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención.	B3.19. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.	BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.	Relaciona algunhas doenzas comúns do sistema nervioso coas súas causas	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese		X		CMCCT CSC
f m	B3.21. Sistema endócrino: glándulas endócrinas e o seu funcionamento. Principais alteracións.	B3.20. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.	BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	Relaciona cada glándula endócrina coa hormona que produce e esta coa súa función	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta		X		CMCCT
f m	B3.22. Visión integradora dos sistemas nervioso e endócrino.	B3.21. Relacionar funcionalmente o sistema neuro-endócrino.	BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie	Coñece un exemplo da vida cotiá de acción coordinada do sistema nervioso e do endócrino	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta		X		CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
			claramente a integración neuroendócrina.						
f	B3.23. Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	B3.22. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor.	BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.	Localiza os principais ósos e músculos en esquemas do aparello locomotor	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta ■ PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase		X		CMCCT
f m	B3.23. Aparello locomotor. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	B3.23. Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	Relaciona os tipos de músculos co sistema nervioso que os controla	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta		X		CMCCT
f m	B3.24. Factores de risco e prevención das lesións.	B3.24. Detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se prevenen.	BXB3.24.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	Coñece os factores de risco que poden causar lesións no a. locomotor	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese		X		CSC CAA
f m	B3.25. Reprodución humana. Anatomía e fisioloxía do aparello reprodutor. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.	B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.	BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.	Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor feminino e masculino e indica as súas funcións	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta ■ PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase		X		CMCCT
f	B3.26. Ciclo menstrual.	B3.26. Recoñecer os aspectos	BXB3.26.1. Describe as principais	Describe as principais etapas do	PROCEDEMENTO: Probas		X		CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
m	Fecundación, embarazo e parto.	básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.	etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.	ciclo menstrual	específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta				
			BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto	Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, embarazo e parto	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta		X		CMCCT
f m	B3.27. Análise dos métodos anticonceptivos. B3.28. Doenzas de transmisión sexual: prevención.	B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual.	BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.	Discrimina os métodos de anticoncepción humana	PROCEDEMENTO: Probas específicas INSTRUMENTO: Proba Aberta		X		CMCCT
			BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.	Coñece pautas de prevención das doenzas de transmisión sexual	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese		X		CMCCT CSC CCEC
e g m	B3.29. Técnicas de reprodución asistida.	B3.28. Compilar información sobre as técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro, para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade.	BXB3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese		X		CMCCT
a c d m	B3.30. Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade. Saúde e hixiene sexual.	B3.29. Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir.	BXB3.29.1. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.	Actúa responsablemente fronte a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese		X		CSC CCEC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución									
f	B4.1. Modelaxe do relevo. Factores que condicionan o relevo terrestre.	B4.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.	BXB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.	Recoñece que o relevo depende do clima e das características das rochas	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
f	B4.2. Procesos xeolóxicos externos e diferenzas cos internos. Meteorización, erosión, transporte e sedimentación.	B4.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e diferencialos dos procesos internos.	BXB4.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.	Relaciona a enerxía solar cos procesos externos	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
			BXB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.	Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
f	B4.3. Augas superficiais e modelaxe do relevo: formas características.	B4.3. Analizar e predicir a acción das augas superficiais, e identificar as formas de erosión e depósitos máis características.	BXB4.3.1. Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.	Recoñece o efecto das augas superficiais no relevo	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
f m	B4.4. Augas subterráneas: circulación e explotación.	B4.4. Valorar e analizar a importancia das augas subterráneas, e xustificar a súa dinámica e a súa relación coas augas superficiais.	BXB4.4.1. Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.	Valora a importancia das augas subterráneas	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT CSC
f	B4.5. Acción xeolóxica do mar: dinámica mariña e modelaxe litoral.	B4.5. Analizar a dinámica mariña e a súa influencia na modelaxe litoral.	BXB4.5.1. Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a	Identifica algunhas formas características do litoral xeradas por erosión e sedimentación	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de			X	CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
			sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.		aplicación e síntese				
f	B4.6. Acción xeolóxica do vento: modelaxe eólica.	B4.6. Relacionar a acción eólica coas condicións que a fan posible, e identificar algunhas formas resultantes.	BXB4.6.1. Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.	Identifica algunhas formas resultantes da actividade eólica	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
f	B4.7. Acción xeolóxica dos glaciares: formas de erosión e depósito que orixinan.	B4.7. Analizar a acción xeolóxica dos glaciares e xustificar as características das formas de erosión e depósito resultantes.	BXB4.7.1. Analiza a dinámica glaciar e identifica os seus efectos sobre o relevo.	Identifica os efectos da dinámica glaciar sobre o relevo	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
f l ñ	B4.8. Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.	B4.8. Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas próximas ao alumnado.	BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.	Identifica no seu contorno algúns dos factores que condicionan a modelaxe	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CCEC CAA
f g m	B4.9. Acción xeolóxica dos seres vivos. A especie humana como axente xeolóxico.	B4.9. Recoñecer e identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo.	BXB4.9.1. Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.	Identifica a intervención dos seres vivos en procesos de erosión, transporte e sedimentación	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
			BXB4.9.2. Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.	Describe a importancia das actividades humanas na transformación da paisaxe	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CSC CCEC
f	B4.10. Manifestacións da enerxía	B4.10. Diferenciar os cambios na	BXB4.10.1. Diferencia un proceso	Diferenza un proceso xeolóxico	PROCEDEMENTO: Análise das			X	CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
	interna da Terra.	superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa.	xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	externo dun interno	producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese				
f	B4.11. Actividade sísmica e volcánica: orixe e tipos de magmas.	B4.11. Analizar as actividades sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran.	BXB4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.	Describe como se orixinan os sismos	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
			BXB4.11.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.	Describe as partes dun volcán e os materiais que expulsa durante a erupción	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT
f g	B4.12. Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.	B4.12. Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria.	BXB4.12.1. Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.	Xustifica a existencia de zonas nas que é máis frecuente a actividade sísmica e volcánica	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CAA CMCCT
f g	B4.12. Distribución de volcáns e os terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención. B4.13. Sismicidade en Galicia.	B4.13. Valorar e describir a importancia de coñecer os riscos sísmico e volcánico, e as formas de previlos.	BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.	Describe o risco sísmico de Galicia	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CAA CSC
Bloque 5. O solo como ecosistema.									
f	B5.1. O solo como ecosistema. B5.2. Componentes do solo e as súas interaccións.	B5.1. Analizar os compoñentes do solo e esquematizar as relacións entre eles.	BXB5.1.1. Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das	Coñece os compoñentes do solo e a súa orixe	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
			súas interaccións.						
f g m	B5.3. Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda.	B5.2. Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda.	BXB5.2.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.	Valora a necesidade de protexer ao solo	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese			X	CMCCT CSC
Bloque 6. Proxecto de investigación									
b c	B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación.	B6.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Aplica as destrezas do método científico	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese	X	X	X	CAA CMCCT
b f g	B6.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación, a partir da experimentación ou a observación.	B6.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Propón hipóteses	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese	X	X	X	CAA CCL
e	B6.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese	X	X	X	CMCCT CD
a b c	B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	BXB6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo	PROCEDEMENTO: Observación sistemática INSTRUMENTO: Lista de control/cotexo	X	X	X	CAA CMCCT CSC CSIEE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo dos estándares	Procedementos e instrumentos de avaliación	1ªAva.	2ªAva.	3ªAva.	Competencias clave
a b d h o	B6.3. Proxecto de investigación en equipo. Organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	B6.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB6.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	Deseña pequenos traballos de investigación para a súa presentación e defensa na aula	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese	X	X	X	CSIEE CD
			BXB6.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Expresa con coherencia as súas conclusións das súas investigacións tanto verbalmente como por escrito	PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Traballo de aplicación e síntese ▪ PROCEDEMENTO: Análise das producións dos alumnos/as INSTRUMENTO: Caderno de clase	X	X	X	CCL CCEC

e) METODOLOXÍA

A metodoloxía será activa e participativa; ademais debe facilitar a aprendizaxe tanto individual coma colectiva e perseguir, como un dos seus eixes, a adquisición das competencias básicas, especialmente a relacionada co coñecemento e a interacción co mundo físico.

Para conseguir as finalidades educativas indicadas rexerémonos polos seguintes principios metodolóxicos:

- Adaptación ás características do alumnado, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas súas capacidades.
- Fomentar a participación activa do alumnado no seu propio aprendizaxe, estimulando o traballo persoal e en equipo, mediante a proposición de numerosas actividades de diversa índole
- Potenciar as técnicas de indagación e investigación, xerais e propias da materia, que favorezan o desenvolvemento de habilidades prácticas (consulta de material bibliográfico, utilización de medios de comunicación, aprendizaxe e manexo de técnicas de laboratorio, observación sistemática, etc.).
- Acercar ao alumno as novas tecnoloxías mediante o seu uso
- Relacionar os contidos con situacións da vida diaria

f) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento da programación desta materia contamos cos seguintes materiais e recursos:

- Instalacións do centro: aulas, laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, aula de informática e biblioteca; todos eles coa súa dotación correspondente
- Materiais impresos: libro de texto (Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO Ed. Anaya), libros de lectura e de consulta, revistas de divulgación científica, guías de campo, claves dicotómicas, fotografías, esquemas, debuxos de organismos, etc
- Materiais audiovisuais e dixitais: Ordenador, vídeos e DVDs, canón, Internet, encerado dixital
- Material fotocopiado de diferentes textos e documentos
- Do contorno: naturais, culturais, centros de investigación, museos científicos, etc.

g) CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os procedementos e instrumentos que se van a utilizar para valorar o proceso de avaliación son os seguintes:

- Proba escrita de avaliación inicial, que permite detectar o nivel de coñecementos previos individual e colectivo do alumnado: (conceptos, habilidades e actitudes), sobre os que se deben desenvolver os novos coñecementos.
- Análise das producións do alumnado (caderno da clase, traballos de investigación e exposición, traballos de aplicación e síntese, prácticas de laboratorio, etc).

- Realización de probas específicas escritas e/ou orais individuais. As probas serán abertas, é dicir, poderán incluír preguntas tipo test, de desenvolvemento ou de identificar e completar esquemas, debuxos ou imaxes de estruturas biolóxicas e xeolóxicas.

Haberá unha proba de recuperación de cada avaliación, dependendo sempre da situación real de cada grupo. O momento da súa realización queda a criterio do profesor/a que imparte esta materia en cada aula.

- Observación sistemática. Mediante este procedemento se avaliarán parte daqueles estándares que fan referencia a adquisición de destrezas básicas (expresión oral e escrita, uso das TIC), actitudes e comportamentos (participación, respecto polos demais e polo medio ambiente, cumprimento das normas) e o desenvolvemento do espírito crítico.

A nota desta materia será numérica do 1 ao 10 e recollerá a valoración das probas escritas, tarefas e traballos individuais, traballos en grupo, caderno, etc. A porcentaxe correspondente a cada un destes puntos será:

- Un 70% corresponderá á valoración das probas específicas. Realizaranse dúas probas, como mínimo, por avaliación. A valoración será a media aritmética das probas, sempre e cando as notas non sexan inferiores a 3,0 puntos sobre 7. No caso de que nunha proba se teña sospeita fundamentada ou observado unha realización fraudulenta por parte do alumno/a, será de aplicación a normativa vixente e dita proba será cualificada con cero puntos.

- Un 20% corresponderá á valoración do análise das producións do alumnado. Se a cualificación acadada neste apartado é de cero puntos o alumno/a non superará a materia e entenderase ademais que non acada as competencias clave.
- Un 10% corresponderá a observación sistemática que quedará reflectida unha lista de control.

Para aprobar a materia en cada avaliación, será necesario que o alumno/a obteña unha nota mínima de 5,0 puntos.

As probas de coñecemento previo son un dato indicativo para o profesorado, non terá peso na cualificación do alumnado.

A cualificación final da materia en xuño calcularase coa media aritmética das avaliacións, sempre e cando as notas dos períodos non sexan inferiores a 4,0 puntos. Para aprobar a materia será preciso obter 5,0 puntos.

Na convocatoria de setembro presentárase as probas o alumnado que non supere os obxectivos da materia ó remate do curso na avaliación ordinaria de xuño e que, polo tanto, acade na mesma unha cualificación de suspenso. A cualificación corresponderá ó resultado da proba escrita que se faga, que terá un carácter global (non por partes).

h) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
16. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

i) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Ao inicio do curso 2019-2020 non hai ningún alumno/a que presente a materia de Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO pendente. Se ao longo do curso se incorporase algún alumno/a con esta materia pendente o depramento acorda:

1º.- Dividir a materia en tres bloques, que se corresponden cos que aparecen reflectidos na temporalización por avaliación nesta programación e a realización de 3 probas escritas ó longo do curso, unha para cada bloque, que terán lugar nos meses de Novembro, Febreiro e Maio segundo o calendario que estableza a Xefatura de estudos. As preguntas serán variadas para abarcar todas as particularidades do alumnado.

2º.- Un plan de traballo que consiste na realización por parte do alumnado dunha serie de actividades propostas polo profesor/a responsable (Xefe/a de Departamento) que terán que presentar antes da data da proba escrita.

3º.- Os criterios de cualificación que se lles aplica a estas probas trimestrais e ao plan de traballo serán:

Proba escrita: 70%

Actividades: 30%

4º.- Os alumnos/as terán unha reunión de seguimento semanal co profesor responsable (Xefe de Departamento) a realizar nun dos recreos, para atendelos e resolverlles dúbidas.

5º.- A cualificación final obterase facendo a media das tres probas, para o cal é imprescindible obter en cada proba unha nota mínima de 4 puntos.

6º.- Ademais das probas parciais, realizárase unha proba final no mes de maio e unha extraordinaria no mes de setembro nas que se avaliará o grao de consecución de todos os estándares de aprendizaxe correspondentes á materia completa. As preguntas serán variadas para abarcar todas as particularidades do alumnado. Estas probas será cualificada de 0 a 10, sendo necesario acadar un 5, como mínimo, para superar a materia.

j) AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo do curso, os profesores e profesoras realizarán unha avaliación inicial do alumnado para detectar o grao de desenvolvemento alcanzado das aprendizaxes básicas e do dominio dos contidos e das competencias adquiridas.

O procedemento para realizar esta avaliación será por un lado, unha proba escrita que atenda a aspectos básicos tanto dos contidos como das competencias clave e por outro lado a observación durante os primeiros días do desenvolvemento do alumnado.

Os resultados obtidos non terán peso na cualificación do alumnado pero unha vez analizados proporcionarán a información necesaria para tomar as medidas (individuais e colectivas) de reforzo e de atención a diversidade pertinentes.

k) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O sistema educativo debe ofrecer a cada estudante a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade que se manifesta en intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe distintos. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e por iso no Departaremos seguiremos as medidas descritas no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza e ademais debemos:

- Asegurar a necesaria conexión entre as diferentes materias nas que se articula as áreas da E.S.O.
- Relacionar os contidos das diferentes materias, co fin de proporcionar unha visión globalizadora, e non parcial, da realidade.
- Favorecer o desenvolvemento dun modo de pensamento e de traballo baseándose no método científico.
- Desenvolver os contidos con unha linguaxe precisa e de forma progresiva, de maneira que o alumnado, ó longo da etapa, dispoña das bases necesarias para incrementar gradualmente os seus coñecementos.
- Fomentar a participación activa do alumnado no seu propio aprendizaxe, estimulando o traballo persoal e en equipo, mediante a proposición de numerosas actividades de diversa índole (plantexamento de cuestións, montaxe e realización de experimentos, realización e interpretación de gráficos e outros medios de representación, etc).
- Potenciar as técnicas de indagación e investigación, xerais e propias da materia, que favorezan o desenvolvemento de habilidades prácticas (consulta de material bibliográfico, utilización de medios de comunicación, aprendizaxe e manexo de técnicas de laboratorio, observación sistemática, etc.).

I) ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Como educadores temos a responsabilidade de formar a persoas que sexan capaces de vivir e convivir no respecto, na liberdade e nos principios democráticos. É por iso polo que os temas transversais deben formar parte de todas as actividades que supoñen o proceso do ensino e deben traballarse de forma continua. Con este fin desde este departamento fomentaremos a educación para:

- O respecto dos dereitos e liberdades fundamentais
- A liberdade persoal, a solidariedade e a tolerancia
- A igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres
- A igualdade de trato e non discriminación das persoas discapacitadas
- A prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos persoal, familiar social e especialmente escolar
- A prevención da violencia de xénero, racismo e xenofobia
- A responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal
- O respecto cara os seres vivos e o medio ambiente
- O respecto e recoñecemento da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade
- Mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar
- Respetto polo material persoal e de uso común
- Fomentar a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico
- Avanzar na comprensión lectora, expresión escrita, comunicación audiovisual e no uso das TICs
- Reforzar a autonomía e a autoestima, a interiorización das normas básicas de saúde, hixiene, alimentación, coidado persoal, práctica de actividade física, posibilidades e limitacións do seu propio corpo e valoración das condutas de risco para a saúde (drogas, alcohol, tabaco, sedentarismo...)

m) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades programadas para 3º ESO son as seguintes:

- ***Visita as Illas Cíes, Parque Nacional das Illas Atlánticas***
 - Nesta actividade pretendese que o alumnado mediante o coñecemento da riqueza da fauna, da flora, da paisaxe, e do estudio da súa xeoloxía valore a importancia da protección deste e doutros enclaves naturais.

Lugar: *Illas Cies.* ***Data:*** *3º trimestre*

Ademais destas actividades o Departamento realizará, sempre que sexa posible, aquelas que se propoñan ao longo do curso e resulten de interese didáctico.

n) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E MELLORA DA PROGRAMACIÓN

A avaliación do desenvolvemento da programación didáctica, do proceso de ensinanza e da práctica docente realizarase ao finalizar cada unidade didáctica, ao remate de cada trimestre e ao final do curso. Os resultados obtidos, modificacións e propostas de mellora quedarán reflectidos no libro de actas das xuntanzas do departamento e na Memoria de final de curso

Indicadores para a avaliación da programación didáctica

	Escala				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1.Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
2.Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.					
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
4.Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
5.Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.					
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
10.Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
11.Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
12.Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
13.Adecuación da proba de avaliación inicial.					
14.Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos[Só para 2º de bacharelato].					
15.Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
16.Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
17.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.[Só para ESO e bacharelato].					
18.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.					
19.Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.					
20.Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.					
21.Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
22.Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
23.Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
24.Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
25.Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
26.Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					